



Non, grazas!

É a nosa resposta á planta de BIOMETANO en Lugo

Desde [Ecoloxistas Galiza “ Atlántica e Verde”](#) dicimos non , non e non !, a estragar o patrimonio natural que aínda conservamos,.. os pequenos paraísos que aínda podemos gozar.

O noso colectivo, e especialmente o grupo comarcal de Lugo, con varias das suas integrantes das parroquias que estarían máis afectadas, leva desde que tivo coñecemento deste proxecto, traballando para deter o que consideramos, mírese como se mire, un proxecto **invendible**, igual que sucede co de Altri. A implantación só xeraría **beneficios a unha empresa, migallas a uns comuneiros e dano e prexuízos a toda a poboación lucense e visitantes.**

Crearía 5 empregos e destruíría moitos máis, implicaría unha carga de transporte continua de restos de animais de matadoiros, restos de peixe.. O cheiro podía ser nauseabundo e afectaría á saúde e calidade de vida dos veciños próximos, máis tamén aos de toda a cidade de Lugo.

Mais ao efecto de **malos cheiros**, hai que engadir un dano aínda máis relevante, a máis que posible **contaminación da auga** nunha zona e, cuns valores que non deberían excederse, pois a nada que isto suceda a zona quedaría sen suministro, que hoxe o teñen mediante os seus pozos.

Custa entender, que como sucede en Altri e en máis, tramítese un proxecto invendible como este e que para “máis inri” cualifíqueo a Xunta de “**iniciativa empresarial prioritaria**”, algo que decidiu o Consello da Xunta e que certificaron asinando, Feijóo como presidente e Rueda como secretario, o 7 de outubro de 2021, e que non foi coñecido pola sociedade lucense ata hai unhas semanas.

Bo é que, polo menos, o grupo municipal do Partido Popular de Lugo representado por Elena Candia presentase alegacións o pasado 26 de xuño onde solicita rexeitar a autorización a este proxecto. A mesma postura e, mesmo máis contundente á vista do último pleno municipal, é a mantida polos grupos municipais do PSOE e do BNG co que se pode concluír afirmando que: **a totalidade da corporación municipal rexeita este proxecto.**

Diferentes colectivos da cidade están tamén manifestando a súa posición de rexeitamento e **miles de persoas enviaron xa a súa alegación en contra**, sábeno ben nos rexistros da cidade que levan días sen dar abasto.

Queremos **agradecer** esa resposta clara e rotunda de **colectivos e cidadanía**, ante esta loita que atende ao interese xeral e ao principio de cautela, **moi especialmente ás persoas voluntarias** que dedicaron o seu tempo para atender a medios, difundir en rr ss e informar na rúa persoa a persoa, e tamén aos establecementos que se ofreceron a colaborar para facilitar información e recoller alegacións.

Como xa comunicamos, o pasado 20 de xuño **remitimos un informe** á Xunta, ao Concello de Lugo e á Confederación hidrográfica Miño Sil, informe que anexamos para que se coñeza o seu contido. Ademais do informe á CHMS solicitámoslle un histórico das medicións do punto de vertedura da zona. Esperamos que o teñan en consideración aínda que a día de hoxe, de ningunha das 3 institucións recibimos resposta. A descontextualización do patrimonio arqueolóxico, a proximidade aás casas, a rede Natura e a propia cidade de Lugo deberían ser argumentos suficientes para rexeitar este proxecto.

Lembramos que **o prazo de alegacións finaliza o mércores 10 de xullo** e pedimos a quen non as entregou aínda e comparta o noso rexeitamento que as entregue. Pode facerse descargándoas e imprimíndoas desde a nosa páxina: <http://ecoloxistas.org> e entregándoas en calquera dos rexistros físicos ou entregalas virtualmente quen dispoña desa opción.

Temos confianza en que a CHMS, informará negativamente e defenderá a saúde do río como é a súa obrigaón, e que a **Xunta** á vista das consultas, alegacións e informes, e atendendo ao **principio de cautela**, ante algo que xa a empresa reconece con afeccións significativas e que **non conta con licenza social**, rexeite a autorización a ese proxecto e permita que sigamos tendo a cidade como a temos.

Saúde!